Obxectivo: punto de encontro clave para os membros de UICN, comisións e o secretariado para preparar o Congreso Mundial de UICN que terá lugar o vindeiro outubro de 2025 en Abu Dabi.

Organiza: UICN Internacional

Participa: Carlos Vales, Director do CEIDA

Data: 30 de setembro – 3 de outubro

Lugar: Brujas (Bélgica)





Participación no Taller de Expertos en Educación Ambiental e Cambio Climático

Obxectivo: reunión de traballo entre diferentes técnicos e expertos para establecer alianzas e acordos en materia de educación ambiental e cambio climático, no marco da elaboración da Estratexia Palmera de Educación Ambiental para a Sostibilidade.

Organiza: Unidad de Educación Ambiental do Cabildo de La Palma

Participa: Carlos Vales, Director do CEIDA

Data: 26 de xaneiro 2024, Día Mundial da EA

Lugar: La Palma

Nº participantes: 15



X Xornadas do Grupo de Traballo de Aves Mariñas (GTAM) de SEO/BirdLife

Organiza: SEO/BirdLife

Colabora: CEIDA, Concello de Mañón, OMIX Mañón, SPEA (Sociedade Portuguesa para o Estudo das Aves) e Oryx

Data: 26 – 28 xaneiro 2024

Lugar: Mañón, O Barqueiro (A Coruña)

Participa: Sergio París, Educador Ambiental do CEIDA coa conferencia 'Mejorando el conocimiento sobre las ZEPA marinas de A Coruña'.

Nº participantes: 62



XXX Xornadas Pedagógicas de Educación Ambiental da ASPEA

Obxectivo: contribuir á produción e divulgación de coñecemento no campo da Educación Ambiental, a nivel nacional como internacional, centrando a 30ª edición nos Territorios e Políticas de proximidade: desafíos e oportunidades.

Organiza: Associação Portuguesa de Educação Ambiental (ASPEA)

Participa: Carlos Vales. Director do CEIDA. Presentación do programa educativo 'Para unha Transición Ecolóxica' desenvolvido co apoio da Deputación da Coruña

Datas: 19 -21 de abril

Lugar: Caldas da Rainha

Nº participantes: 125



Talleres Participativos para persoal experto do Proxecto "Participación e innovación para a conservación do corvo mariño cristado en Asturias, Galicia e Cantabria", no marco do proxecto LIFE IP INTEMARES

Organiza: Fundación Biodiversidad

Colabora: CEIDA

Participa: Sergio París, Educador Ambiental do CEIDA, como representante do proxecto 'Aves Ártabras'

Data: 9 febreiro e 4 de abril 2024

Lugar: Actividade online (zoom) e presencial (Vigo, sede do Parque Nacional Illas Atlánticas)

Nº participantes: 69



Panel de Expertos sobre Capacitación, transferencia de coñecemento e cultura científica - Programa de Ciencias Mariñas de Galicia

Obxectivo: debater sobre os desafíos ambientais do medio mariño e accións de futuro, dentro do panel de expertos que forman parte do Programa #CienciasMariñasGal

Organiza: Fundación CETMAR, Campus do Mar
(Universidade de Vigo)

Participa: Mónica Agrazo, Educadora Ambiental do CEIDA.

Data: 4 de abril 2024

Lugar: Centro Tecnolóxico do Mar (Vigo)

Nº participantes: 35



VI edición da Feira de Ciencia Cullercencia 2024

Obxectivo: xornada lúdica e de divulgación que pretende espertar a curiosidade e o interese científico entre os máis novos.

Organiza: Concello de Culleredo, Clube de Ciencia do CEIP Plurilíngüe Ría do Burgo

Participa: Equipo Educativo CEIDA (mesa informativa sobre a entidade e as actividades que realiza)

Data: 8 de xuño

Lugar: Paseo Marítimo do Burgo



ENCUENTRO CLUBES DE LECTURAS VERDES

VIRTUAL (10-12 DE JUNIO 2024)

I Encontro Virtual de Clubes de Lectura Verde do estado español

Obxectivo: crear espazos de diálogo, nos que a lectura sexa unha ferramenta de cambio e capacitación para a acción ambiental; explorar a natureza a través da lectura; e crear sinerxias entre os diferentes mediadores e promotores da lectura verde do estado.

Organiza: Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM

Participa: Ana Pardo. Documentalista do CEIDA. Presentación do Clube de Lectura Verde Clorofila

Data: 10 -12 xuño

Plataforma: Zoom CENEAM

Nº participantes: 42



XXIII Seminario de Centros de Documentación Ambiental e Espazos Naturais Protexidos (RECIDA)

Obxectivo: promover o intercambio de experiencias, boas prácticas, formación dos profesionais, e información e documentación ambiental que posibilite a colaboración en diferentes proxectos.

Organiza: CENEAM

Participa: Ana Pardo. Documentalista do CEIDA.
Presentación da comunicación 'Talleres literarios: escritura creativa e poética na biblioteca verde do CEIDA'.

Data: 10 -12 xuño

Lugar: Granadilla (Extremadura)

Nº participantes: 92



Programa BiblioTeConecta

Obxectivo: espazo informativo que busca tanto entreter como informar sobre a realidade das bibliotecas e da profesión, conducido semanalmente por catro bibliotecarios do estado español. No 2024 o lema do Día das Bibliotecas foi 'Por un futuro sostible', por iso adicaron este programa ás bibliotecas verdes.

Organiza: BiblioTeConecta

Participa: Ana Pardo, Documentalista do CEIDA, como membro RECIDA.

Data: 24 de outubro

Plataforma: Youtube e emitido en Canal Cádiz (TV)

Nº participantes: 6 **Visualizacións Youtube:** 111



IV edición do Festival Letras Verdes: Encontro Nacional de Literatura sobre Natureza y Medio Rural

Obxectivo: espazo creado para dar a coñecer as últimas novidades en literatura de natureza e mundo rural, poñer en contacto aos diferentes axentes do mundo do libro (autores, editoriais, mediadores, bibliotecarios...), e intercambiar experiencias, formación e coñecemento.

Organiza: Birding Canarias, Bicho Malo Libros

Participa: Ana Pardo. Documentalista do CEIDA, Diálogo 'A experiencia do clube de lectura verde e do ecomenú literario do CEIDA'.

Data: 14 – 16 novembro

Lugar: Parque Rural do Teno (Tenerife)

Nº participantes: 93



Días de Mar. Xornadas de Cultura Mariñeira na Agrupación Instrutiva de Caamouco

Obxectivo: actividade a prol da recuperación das tradicións mariñeiras da zona.

Organiza: Asociación Caamouco (Concello de Ares)

Participa: Sergio París, Educador Ambiental do CEIDA, cunha conferencia sobre as aves mariñas da Ría de Ares e o Golfo Ártabro; e préstamo das exposicións Cultura Océánica e Aves Mariñas.

Data: 27 de xullo – 2 de agosto 2024

Lugar: Redes (Caamouco)

Nº participantes: 27



FotoParques 2023. Concurso Nacional de Fotografía sobre os Parques Nacionais

Obxectivo: Os parques nacionais españois representan unha das mellores mostras de natureza, paisaxe e biodiversidade do noso país. Mergullarese no seu interior e converter cada instante nun tesouro para os demais, é o obxectivo principal do concurso.

Organiza: Organismo Autónomo Parques Nacionales

Colabora: CEIDA

Participación como membros do xurado.

O Premio á mellor Fotografía sobre biodiversidade incluía unha visita especial ao CEIDA



XI Xornada da Especie do ano na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Descrición: actos de celebración da xornada no marco da iniciativa “Especie do Ano na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, que en 2024 estivo adicada ao corvo mariño cristado.

Organiza: Reserva de Biosfera MCeTM

Colabora: Grupo Naturalista Hábitat

Participa: Sergio París, Educador Ambiental do CEIDA, coa conferencia ‘Distribución, poboación e movementos do corvo mariño cristado en Galicia’ e roteiro polo Monumento Natural

Data: 5 de outubro 2024

Lugar: Abegondo, sede da reserva e Monumento Natural Costa Dexo-Serantes

Nº participantes: 57

4.5

COLABORACIÓN CON DISTINTAS INSTITUCIONES



Xornada Gadisa coas ONG

Obxectivo: espazo de aprendizaxe e altavoz para as diversas accións de asociacións e ONG's de Galicia

Organiza: Gadis

Colabora: CEIDA

Data: 8 de abril 2024

Lugar: Castelo de Santa Cruz e online

Nº participantes: 30 (sesión presencial)



Reunión interna das ONG's Solidariedade Internacional – Ecos do sur

Obxectivo: reunión de traballo dentro do marco do primeiro programa galego de acollida temporal a mulleres defensoras dos dereitos humanos (Galicia Abriga).

Organiza: Solidariedade Internacional, Ecos do Sur

Colabora: CEIDA

Data: 21 de maio 2024

Lugar: Castelo de Santa Cruz

Nº participantes: 9



VI Encontro O Globo Observatorio para Educar na Cidadanía Global. Microexperiencias de transformación social

Obxectivo: encontro de centros educativos e outras entidades que pretende poñer en común microexperiencias de transformación social no territorio galego

Organiza: Solidariedade Internacional, Cooperación Galega

Colabora: CEIDA

Data: 14 de xuño 2024

Lugar: Castelo de Santa Cruz


Nº participantes: 65



5

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Total de fondos bibliográficos catalogados



Libros
10.767

Folletos
570

Revistas
1.293

Artigos baleirados
15.538

Audiovisuais
932

Literatura gris
292

Recursos electrónicos
303

TOTAL
29.695

Usuarios, visitas, consultas e préstamos en 2024



Visitas presenciais

2.359

Préstamos, consultas e búsquedas documentais


2.734

Novas altas de usuarios/as

277

Total usuarios/as

1.437



Para a comunidade educativa

Maletas viaxeiras

Colección de libros para achegar o medio natural ao seu alumnado. Con elas o centro de documentación pretende dar a coñecer o patrimonio natural da nosa contorna máis próxima e fomentar a realización de actividades ao aire libre nos centros de ensino.

Dirixido a: todos os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.



Para a comunidade educativa



Maletas naturalistas: coñecendo o noso patrimonio natural

Guías de flora, fauna e fungos, cadernos de campo, e outros recursos de apoio ao traballo docente nas aulas. Poden empregarse á hora de realizar saídas de campo ou excursións cos alumnos.

Dirixidas a: Educación Primaria e Secundaria.

Patrocina: Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Nº Itinerancias: 18



Maletas literarias: contos para un planeta

Colección de contos para achegarse á natureza a través da literatura. Inclúe unha selección de recursos motivadores para a educación ambiental, máis tamén para a animación á lectura.

Dirixidas a: Educación Infantil.

Patrocina: Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Nº itinerancias: 19

Para a comunidade educativa



Maletas mariñeiras: explorando os océanos

Colección de libros informativos e álbumes ilustrados sobre a temática do medio mariño. Nacen co obxectivo de dar a coñecer e promover a cultura mariña e o coñecemento dos océanos na comunidade educativa.

Dirixidas a: Educación Primaria e Secundaria.

Patrocina: Deputación da Coruña

Nº Itinerancias: 25



Maletas climáticas: muda o clima, mudemos nós

Colección de libros informativos e álbumes ilustrados sobre a temática do cambio climático.

Dirixidas a: Educación Primaria e Secundaria.

Patrocina: Deputación da Coruña

Nº itinerancias: 13

Para a comunidade educativa



Ponte a Zero: traballando polo residuo Zero

Libros informativos, álbumes ilustrados, contos, cómics, e recursos didácticos sobre a temática dos **residuos e a compostaxe** (a problemática do lixo, a reutilización e reciclaxe, boas prácticas ambientais, a economía circular, os plásticos, os residuos orgánicos etc.), e sobre os **hortos escolares** (a horta ecolóxica, como poñer en marcha un horto, principais hortalizas e verduras, como atraer insectos beneficiosos e polinizadores ao xardín, etc.). Os materiais están divididos en dous niveis, recollidos en dúas maletas diferentes.

Dirixidas a: Educación Primaria e Secundaria.

Patrocina: Deputación de Pontevedra

Nº Itinerancias: 29

TOTAL PROGRAMA DE MALETAS VIAXEIRAS 2024

104 itinerancias
6.140 participantes

Para a comunidade educativa



XANEIRO 2024

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS
POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

 **María del Buey Cañas, Sofía Pérez Baeza**

UNA GUÍA PARA LA ALFABETIZACIÓN ECOSOCIAL: PAZ, DECRECIMIENTO Y SUSTENTABILIDAD PARA UN MUNDO POSFOSILISTA. Fundación Cultura de paz, 2023.

O obxectivo desta guía é abordar a alfabetización ecosocial como ferramenta de construción da paz. Para iso, abórdase a crise de maneira integral, analizando o seu carácter capitalista, industrial e fosilista. Con coñecemento profundo que poida servir de punto de partida desde o que expor alternativas xustas para a vida.

Descárgao en  <https://acortar.link/7qF3hh>

SUPERPODERES PARA UN MUNDO MEJOR: UNA HERRAMIENTA LÚDICO-PEDAGÓGICA SOBRE ALIMENTACIÓN PARA EL ESPACIO ESCOLAR DEL MEDIO DÍA. Justicia Alimentaria, Hegoa, 2022

Con este libro preténdese dotar ao persoal de sala do comedor e o espazo do mediodía dunha batería de recursos educativos lúdicos. Para poder concienciar dunha maneira amena e divertida ao alumnado que asiste a este servizo, potenciando a educación en hábitos de vida saudables e a súa vinculación coa produción de alimentos sáns e seguros para o planeta.

Descárgao en  <https://acortar.link/tqRg2Q>

 **CEIDA**
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

 **DOMINGO QUIROGA**
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

 **Deputación
DA CORUÑA**





Educar en Verde: boletín de recursos para a Educación Ambiental recomendados polo Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga

Dirixido a: centros educativos, profesionais da educación ambiental e persoas interesadas en estar ao día de novidades e recursos didácticos relacionados co medio natural e o medio ambiente en xeral, que sirvan para traballar coa comunidade educativa ou con diferentes públicos.

Nº boletíns editados en 2024: 9

Promoción da lectura verde



Clube de lectura Clorofila

Xa sexa dende a narrativa ou do ensaio, o Clube Clorofila pretende dar a coñecer obras de temática ambiental para explorar o mundo que nos rodea, creando un espazo para a conversa e o intercambio de ideas, unha chamada á acción a través da lectura.

Datas: xaneiro-decembro 2024

Dirixido a: toda a cidadanía

Patrocina: Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Lecturas e tertulias realizadas (mensuais): 8 + 1 roteiro polas Fragas do Eume + 1 visita guiada á Fundación Wenceslao Fernández Flórez

Nº participantes: 15 / sesión. **Total:** 150



Conversas naturalistas

Actividade de achegamento ao medio natural e ás lecturas indispensables ou recomendables para iniciarnos nos diferentes campos de estudo da natureza.

Dirixidas a: público adulto e infantil.

Patrocina: Deputación da Coruña

Conversas realizadas en 2024:

- **Gaivotas e libros.** 29 febreiro. Con Xavi Varela.
- **Fieitos e libros.** 25 abril. Con Manuel Pimentel e Eva Martínez Veiga (UDC).
- **Árbores e libros.** Edición infantil. Con Jorge Gude (CEIDA). 3 sesións: 16 de marzo (familias), 10 e 17 abril (CEIP Valle Inclán).
- **Cogomelos e libros.** Edición infantil. 7 novembro. Con Raquel Poncini (Asociación Micolóxica Coruñesa)

Nº de conversas realizadas: 6

Nº de participantes: 137

Promoción da lectura verde



Ecomenú literario: lectura en voz alta para saborear a natureza

Actividade ao aire libre de animación á lectura para achegarse á natureza a través dos libros e das palabras, creando un espazo para a reflexión e o debate.

Dirixidas a: público adulto.

Datas: 15 de xuño, 28 de setembro

Nº de actividades realizadas: 2

Nº de participantes: 25

ACTIVIDADE FINALISTA SELLO CCB

(Consello de Cooperación Bibliotecaria, Ministerio de Cultura)



Presentacións de libros



Ser cetáceo: o fascinante inverno do animal de fondo

Autor: Francisco X. Ferández Narval

Editorial: Bululú

Data: 21 de marzo

Nº de participantes: 21



La loba el podenco

Autora: Concha López Llamas

Editorial: Bohodón

Data: 18 de abril

Nº de participantes: 8



Cuentos con corazón y mucha naturaleza

Autora: María Mayorga. Acompaña: Bibiana Marful (Nenea, aprender xogando) e Walter Torrón (deseñador).

Editorial: María Mayorga

Data: 6 de xuño

Nº de participantes: 33

Presentacións de libros



Gotas desde a terra até as nùvens

Autora: Curra Figueroa. Acompaña: Celsa Sánchez (ilustradora).

Editorial: Novembro

Data: 19 de setembro

Nº de participantes: 20



Los años de guerra y la prisión provincial de A Coruña. Memorias de un recluso (Domingo Quiroga)

Autor: Luís Lamela. Acompaña: Carmen García Rodeja e Carlos Vales.

Editorial: Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica

Data: 10 de outubro

Nº de participantes: 27



Contra vento e marea. O ciclo da vida na Costa de Dexo

Autores: José Arcas, Sergio París. Coordina: Carlos Vales.

Editorial: CEIDA

Data: 24 de outubro

Nº de participantes: 28

Presentacións de libros



La recivilización: desafíos, zancadillas y motivaciones para arreglar el mundo

Autor: Fernando Valladares

Editorial: Destino

Data: 18 de novembro

Nº de participantes: 64



Magdalena I. Los últimos de la estirpe de los libres

Autor: Benigno Varillas

Editorial: Benigno Varillas

Data: 21 de novembro

Nº de participantes: 21



Guía micológica básica da provincia de Lugo

Autores: Julián Alonso, José Castro e Cristina García-Echave

Editorial: Sociedade Micológica Lucus

Data: 29 de novembro

Nº de participantes: 27

Presentacións de libros



Cambio climático y ecoansiedad: de la preocupación a la acción

Autora: Teresa Franquesa.

Acompaña: Pablo Meira Cartea

Editorial: Oberon

Data: 12 de decembro

Nº de participantes: 13

TOTAL PRESENTACIÓNS LIBROS EN 2024

**10 presentacións
262 asistentes**



Xela, superheroína de aldea

Actividade dirixida a público familiar e infantil que pretende poñer en valor, de forma interactiva e dinámica, os recursos naturais que existen no noso territorio.

Mediadora: Inma Soto Iglesias, autora do libro 'Xela, superheroína de aldeã'.

Data: 12 de xullo

Lugar: Xardín do Pazo de Lóngora

Nº de participantes: 43



Liáns. Luces outonais

Colección e fotografías en branco e negro tomadas no outono no parque forestal de Liáns, coñecido como 'Bosque dos Veciños'.

Autor: Víctor Hermida

Datas: 1 xaneiro – 29 febreiro



Acuarelas de natureza

Colección de debuxos pintados en acuarela que recollen algunhas das principais aves da Costa de Dexo

Autor: José Arcas

Datas: 1 novembro – 31 decembro

Nº de participantes: 8



Xornada de portas abertas ao Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga

Obxectivo: dar a coñecer o movemento das Bibliotecas Verdes, así como a colección, servizos e actividades que desenvolve o servizo de documentación ambiental do CEIDA, con motivo do Día das Bibliotecas, que en 2024 levou o lema de 'Por un futuro Sostible'.

Dirixido a: todos os públicos

Data: 24 de outubro

Lugar: antigas cabalarizas do Pazo de Lóngora

Nº de participantes: 9

Visitas



Visitas técnicas

Nº visitas: 2

- Alumnado do Mestrado de Museos, Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña.
- Servizo de Día de Saúde Mental do Hospital de Oza.

Nº total participantes: 26



Visitas escolares do Concello de Oleiros

Nº visitas: 5

- CEIP Juana de Vega.
- CEIP Valle Inclán (2 grupos).
- CEIP Isidro Parga Pondal (2 grupos).

Nº total participantes: 123

Comité Ejecutivo

Constitúese **en 2024** coa participación de:

- Rosario Toril, Centro Nacional de Educación Ambiental –CENEAM. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
- Marga Muñoz, Centro de Documentación del Agua y del Medio Ambiente – CDAMAZ, Zaragoza
- Alfonso Peña, Centro de Documentación y Recursos para la Educación Ambiental de Cantabria - CEDREAC
- Miguel Navas, Museo Ciencias Naturales, Barcelona
- Ana Pardo, CEIDA

Grupos de trabajo

Participación no grupo de redes sociais e clubes de lectura verde

Guías de recursos / recomendacións

Participación e coordinación de varias guías de lectura: literatura infantil/xuvenil, recursos educativos sobre cambio climático, narrativa ambiental (CONAMA), renaturalización de cidades (CONAMA), e recomendacións bibliográficas no boletín Comité Español UICN.



6

PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS ITINERANTES



Exposicións itinerantes



Morcegos de Galicia

Produce: Asociación DROSERA

Colabora: CEIDA

Descrición: En Galicia existen máis de 20 especies de morcegos de 10 xéneros diferentes. Esta exposición aborda diferentes aspectos da bioloxía e o estudo dos morcegos que se poden atopar no territorio galego.

Nº visitantes: 4 itinerancias con 958 visitantes



Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción

Produce: CEIDA, Instituto Enerxético de Galicia.

Descrición: baseada no proxecto CLARITY Acción Educativa por el Clima, pretende contribuír ao coñecemento do fenómeno do cambio climático, as súas causas e as respostas que se están propoñendo para facerlle fronte.

Nº visitantes: 2 itinerancias con 215 visitantes

Exposicións itinerantes



Coidando o noso mar

Produce: CEIDA, Fundación Global Nature.

Descrición: exposición que pretende sensibilizar sobre o importante valor natural e a fragilidade dos ecosistemas mariños, tendo en conta a incidencia das actividades humanas e os residuos que estas xeran; e descubrir as problemáticas que afectan ao litoral.

Nº visitantes: 4 itinerancias con 1.248 visitantes



Aves de Galicia

Produce: Xunta de Galicia. **Colabora:** CEIDA

Descrición: a mostra pretende dar a coñecer as diferentes especies de aves que se poden atopar en Galicia e os hábitats da avifauna na nosa comunidade, co fin último de valorizar os recursos ornitolóxicos galegos e promover o gusto pola observación das aves.

Nº visitantes: 1 itinerancia con 136 visitantes

Exposicións itinerantes



Galicia, conservando a natureza

Produce: Xunta de Galicia.

Colabora: CEIDA

Descrición: exposición que pretende dar a coñecer a diversidade de especies animais e vexetais que se poden atopar en Galicia, os ecosistemas que habitan, e as múltiples formas de ameaza que poden afectar ás súas poboacións.

Nº visitantes: 3 itinerancias con 615 visitantes



Emerxencia climática. Feitos e datos

Produce: CEIDA, Deputación da Coruña

Colabora: Centro de Educació de la Comunitat Valenciana

Descrición: enfocada desde a educación ambiental e baseándose en información científica, esta exposición pretende proporcionar os fundamentos básicos que argumentan a crise climática que vivimos.

Nº visitantes: 3 itinerancias con 555 visitantes

Exposicións itinerantes



Compañeras do mar e do ceo

Produce: CEIDA

Co apoio de: Fundación Biodiversidad

Descrición: deseñada co obxectivo de divulgar e poñer en valor a importancia da conservación das aves mariñas, así como a súa relación coas actividades pesqueiras.

Nº visitantes: 4 itinerancias con 1.430 visitantes



Cultura oceánica

Produce: CEIDA

Co apoio de: Deputación da Coruña

Descrición: A cultura oceánica é a comprensión da influencia do océano sobre as persoas e a influencia que as persoas exercemos sobre o océano. Con esta exposición comprenderás que somos o que somos grazas ao océano.

Nº visitantes: 3 itinerancias con 925 visitantes

Exposicións itinerantes



Descubre a Rede Natura 2000 en Galicia

Produce: Xunta de Galicia

Colabora: CEIDA

Descrición: a través desta exposición os visitantes terán a posibilidade de coñecer a función, finalidade e obxectivos da Rede Natura e dos espazos que a integran, facendo especial fincapé na Rede Natura 2000 en Galicia.

Nº visitantes: 2 itinerancias con 1.150 visitantes



Reservas de Biosfera

Produce: Xunta de Galicia

Colabora: CEIDA

Descrición: mostra que pretende dar a coñecer o rico patrimonio natural, cultural... que nos aporta a rede de reservas de biosfera de Galicia.

Nº visitantes: 1 itinerancia con 150 visitantes

Exposicións itinerantes



Exposición Plan Revitaliza / Ponte a Zero

Produce: Deputación de Pontevedra

Colabora: CEIDA

Descrición: exposicións sobre a compostaxe e a xestión dos residuos urbanos realizadas dentro do Plan 'Revitaliza' e 'Ponte a Zero' e itineradas polos centros educativos do Concello de Pontevedra

Nº visitantes: 12 itinerancias con 4.245 visitantes

TOTAL PROGRAMA EXPOSICIÓNS ITINERANTES 2024

**39 itinerancias
11.627 visitantes**



7

ALUMNADO EN PRÁCTICAS NO CEIDA





CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA


ALUMNADO PRÁCTICAS

Titulación / centro	Alumnado
Universidad de Chapingo (México) - Ingeniería de Recursos Naturales	1
Universitat Oberta de Catalunya - Master de Turismo Sostenible y TIC	1
Máster Interuniversitario Biodiversidade Terrestre – Universidade da Coruña, Universidade de Santiago, Universidade de Vigo	1
Grao Bioloxía, Universidade da Coruña	2
Grao Bioloxía, Universidade de Santiago de Compostela	1
Grao Filosofía, Universidade de Santiago de Compostela	1
CFEA Guísamo - Ciclo Superior de Paisaxismo	1
CIFP A Granxa - Educación e Control Ambiental	1
IES Eusebio da Guarda - Ciclo Superior de Guías de Turismo	2
Postal 3 - Docencia de la Formación Profesional para el Empleo	1
Postal 3 - Habilitación para la docencia	1
TOTAL	13



8

PUBLICACIONES




La gestión de las áreas protegidas. Teoría y práctica

Director: Carlos Vales

Autores: Varios autores

Resumo: O libro é unha ferramenta de referencia para os xestores das Áreas Protexidas, especialmente en África. Forma parte do proxecto 'Capacitación e traballo na rede de xestores dos ENP de Cabo Verde, San Tomé e Príncipe, Guinea Bissau e Mozambique', desenvolvido polo CEIDA co apoio da Fundación Biodiversidad.



Un bosque único – 2ª edición

Autor: Carlos Vales

Resumo: As Fragas do Eume constitúen un espazo natural de singular valor. Contribúen a este valor, a súa diversidade de hábitats e especies, a súa naturalidade, a importante extensión relativa de bosques autóctonos superviventes, a presenza de especies raras, a súa representatividade como ecosistema forestal, ou o seu valor cultural, paisaxístico e histórico. Este libro fai un estudo exhaustivo deste espazo protexido e reflexiona sobre o seu valor de conservación no contexto dos bosques mundiais.



Contra vento e marea. O ciclo da vida no Monumento Natural Costa Dexo-Serantes

Director: Carlos Vales

Textos: Sergio París.

Ilustrador: José Arcas

Resumo: Declarada no ano 2000 monumento natural pola Xunta e recoñecida pola UNESCO como zona núcleo da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, a costa de Dexo-Serantes é terra e é mar. Este libro ilustrado percorrerá ao longo dos doce meses toda a diversidade humana e natural que se desprega nos 12 km de costa que conforman este arco mariñán.

Publicacións coa colaboración do CEIDA



Boletín Trimestral UICN

Edita: Comité Español UICN

Autores: Carmen Borobio, Carlos Vales, Mónica Agrazo.

Resumo: Participación no número 52 (inverno), 53 (primaveira), 54 (verán) e 55 (outono) do boletín trimestral coa redacción de diferentes artigos relacionados cos proxectos ou actividades desenvolvidos polo CEIDA ao longo do ano.

<https://www.uicn.es/boletines>



Portal 'El documentalista'

Artigo '¿Cuál es el papel del documentalista en un centro especializado en medio ambiente?'

Data: 1 xullo

Autora: Ana Pardo

<https://bit.ly/4d6zcqh>

Publicacións coa colaboración do CEIDA

Portal Biblogtecarios

Artigo 'Latidos Verdes: crónica del XXIII Seminario RECIDA, mucho más que un encuentro entre profesionales de la documentación medioambiental'

Autoras: Belén Lapardina, Ana Pardo, Marta García, Rosario Toril.

Data: 4 setembro

<https://bit.ly/3XyDctY>

Artigo 'Pon una biblioteca en tu Congreso: las bibliotecas verdes de RECIDA en el Congreso Nacional de Medio Ambiente'

Data: 27 decembro

Autoras: Marga Muñoz, Ana Pardo, Rosario Toril.

<https://bit.ly/3ZWumYn>





Curtametraxe 'Raíces. Da utopía en adiante'

Historia imaxinada e protagonizada polas mulleres da Asociación Veciñal O Reguiño, e que forma parte do proxecto "Do Desequilibrio aos soños compartidos".

Esta iniciativa de Educación Ambiental centrada na emerxencia climática, aspira a desenvolver unha metodoloxía de intervención interxeneracional para a construción de narrativas de futuro sustentables a través dunha acción teatral.

Realizado por: Illa Bufarda, Feitoría Verde

Patrocinado por varias entidades, entre elas o CEIDA.

